

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE AGOSTO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 9 de agosto de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Elena Ares Salgado, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, Interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 6a, 9c, 9d, 10c e 10d)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2b e 6b)
D. José Ángel Lago Filgueira, vogal suplente do xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 7a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 9a e 10a)
D. Antonio Vivero Mijares, suplente do xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. Begoña Arranz González, xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos puntos 9b e 10b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9e, 10e e 11a)
D. Luis García Álvarez, tesoureiro municipal (asiste aos puntos 9a e 10e)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, o enxeñeiro industrial do programa Next Generation UE, a enxeñeira industrial e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 3 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta o referido informe e acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefe do Servizo da Área de Benestar Social o 2 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta o referido informe e acorda excluír deste procedemento a FUNDACIÓN SAMU por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP ("Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 25 puntos.").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U	921.781,15 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	900.542,84 €
3	NAROM SL	844.295,29 €
4	ORECO BALGON SAU	912.762,14 €
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	844.683,20 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	890.263,12 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
7	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	858.745,08 €

Asisten á apertura:

- D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI **.07.82*-* , en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

- D. Felipe Carrascosa Hernández, con DNI **.09.54*-* , en representación de CIVISGLOBAL SLU.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Aportación de medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro (nº)	Aportación de media xornada laboral anual de limpiador/a durante o período do contrato, sen custe adicional para o Concello (Si/Non)
1	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	3.084.324,52 €	2	SI
2	Fundación SAMU	Excluído por non superar limiar no informe sobre B		
3	Grupo 5 Acción y Gestión Social S.A.U.	3.080.204,91 €	2	SI

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor ao servizo xestor.

Asiste á apertura:

- D. Juan Carlos Perez Santiago, con DNI **.95.38*-* , en representación de CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes do 1 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con LIMPEZAS CIES S.L., GARBIALDI, S.A. e SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A., por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as mesmas.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Administración Electrónica e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 1 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 8 de agosto. A Mesa acepta por unanimidade o segundo dos informes que acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión, a xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético e o xefe da Área de Inversións o 4 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441).

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 1 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer a exclusión deste procedemento de NAROM, S.L. por conter, a súa oferta, valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación algunha no prazo concedido ao efecto.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 1 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer a exclusión deste procedemento de NAROM, S.L. por conter, a súa oferta, valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación algunha no prazo concedido ao efecto.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de administración xeral, a titular da Asesoría Xurídica, a xefa do Servizo de Educación e o Tesoureiro Municipal o 4 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da inadmisión de DRAGCLIC S.L, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de xuño de 2022 por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e da exclusión de EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L.	84,00

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L. (B-94115177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión da UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e da UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de agosto de 2022, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U.	91,39
2	UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. – MANTEN, S.L.	90,41
3	UTE S.I.M. RUBATEC, S.A. - VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	85,40
4	UTE FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U.	81,89
5	IMESAPI, S.A.	81,69
6	FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.	77,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (A-08001182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORECO BALGON S.A.	34,61
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	31,83

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON S.A. (A-36614691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,56
2	LAPATIÁN, S.L.	63,56

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 3 e 6 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 - Asesoría Xurídica

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 2 - Contratación

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 3 - EMAO



	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

- LOTE 6 - Contabilidade

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (42.210.919-P) (lotes 3 e 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
Dado que ATELIER LIBROS. S.A.U. xa acreditou correctamente a súa solvencia económica no sobre A non é necesario que volva a presentala. Respecto da solvencia técnica, indícase que deberá completarse segundo o previsto na cláusula 8.8.3º do PCAP ("*Os subministrados ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
 - Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/04/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 05/05/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello".

3º.- Aprobar o gasto por importe de 39.699,23 euros (32.809,28 € máis 6.889,95 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello" por procedemento aberto, con cargo á aplicación presupostaria 3230.227.9909 "Programa Educativos", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2022 (de setembro a decembro): 7.939,85 euros;
- Anualidade 2023 (de xaneiro a decembro): 19.849,61 euros
- Anualidade 2024 (de xaneiro a xuño): 11.909,76 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 65.618,56 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332), na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.	94.75

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares ."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), o día 20 de xullo de 2022, que presenta a documentación requirida o día 1 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201), de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 19 de xullo polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (25.760-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do contrato é de 39.699,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.889,95 euros, sendo o prezo unitario de visita didáctica ao Concello de 395,00 euros.*
- b) Comprométese a desenvolver 10 visitas didácticas guiadas en lingua inglesa, a maiores das 50 visitas didácticas ordinarias de conformidade co contemplado no punto 5.1.2 e 5.3 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:33	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A64A-E4BDBA-A44B53-QXEE3D-QDV2FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		